



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Orientación e Promoción
Laboral

San Lázaro s/n

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DA CORUÑA NO MARCO DO PROXECTO “**CORUÑA SUMA**”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA**:

Que esta Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, formalizou co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2021 que abrangue dende a data da súa sinatura, o pasado 17 de febreiro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través do itinerario formativo asociado ós certificados de profesionalidade para que o alumnado participante na mesma, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a estes certificados de profesionalidade, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: “dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ao día das súas competencias profesionais”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela.



Xacobeo 2021

